

Noite de inverno

Noite fría e escura,
pasa con brío que me fas cavilar;
noite longa que non acouga,
vaite que me das moito en que pensar.

Se me deixaras durmir só un anaco,
todo sería máis doado,
mais só sabes levar o meu maxín
a lugares insospeitados.

Noite que acae pesada,
fuxe, que só me fas pensar
en cousas que nunca van pasar.

Flores

Flor que rico oles,
ensíname o que é a paz;
flor que te polinizan,
ensíname a atraer xente boa;
flor que floreces,
ensíname a perder o medo;
flor que te marchitas,
ensíname a chorar;
flor que das vida,
ensíname a querer;
flor que pides agua,
ensíname a dar;
flor que te enderezas,
ensíname a seguir;
flor que te engurras,
ensíname a pedir axuda;
flor que segue en pé,
ensíname o que é a resiliencia.

E que si xa non quero

E que si xa non quero

sentirme parte deste "grupo";

e que si xa non podo

formar parte dun todo;

e que si xa só quedo eu,

pero ninguén o ve;

e que si xa me cansei de berrar,

pero non me escoitan;

e que si nunca fun parte de todos vós,

só de min mesma.

Metamorfose

Bolboreta bolboretiña,
ti que sabes do que che falo,
cómo é iso de cambiar de corpo
e non aprecialo?

Dooroso si, ben o sei;
que todos vexan o que eres
e ti non sexas capaz de recoñecelo.

Bolboreta bolboretiña,
ti e mais eu compartimos algo;
igual ca ti non ves as túas ás,
eu non vexo o meu encanto.